

## MEMORIA DA ALCALDIA

### MODIFICACIÓN PROPOSTA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE SAN CIBRAO DAS VIÑAS

A Xunta de Galicia regula a gratuidade da atención educativa de 0-3 anos a partir do segundo/a fillo/a no artigo 23.6 da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas. A gratuidade da matrícula na escola infantil do segundo e terceiro fillo ten como principios que a xustifican “razóns de impulso demográfico e conciliación” sen acoutar a un número mínimo ou concreto de fillos que deban cursar e etapa de escola infantil xunto o segundo fillo e sucesivos.

Por tal motivo, e por razóns de interés público propónse a seguinte **modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo da Escola Infantil Municipal de San Cibrao das Viñas:**

**UNICO.-** Aprobar a inclusión na Ordenanza das seguintes modificacións:

A) Artigo 7º. Engádense os apartados 3 e 4 co seguinte tenor literal:

#### **COTAS**

##### **Artigo 7º**

.....

**3.- As cotas polo uso do comedor de forma eventual pagaranse por días soltos:**

- **Almorzo ou merenda: 2€/día**
- **Xantar: 4€/día**

**4.- Os usuarios que causen baixa na escola, non terán dereito a devolución das cantidades recadadas ata ese momento.**

B) Engadese o artigo 9º referido as bonificacións, co seguinte tenor literal:

#### **BONIFICACIONES**

##### **Artigo 9º**

---

**Concello de San Cibrao das Viñas**

Praza da Constitución, 1, San Cibrao das Viñas. 32911 Ourense. Tfno. 988 381 034. Fax: 988 381 101



**No suposto de que algunha familia matricule un segundo fillo ou filla e sucesivos/as na escola infantil, aplicaráselle unha bonificación do 100% dos prezos establecidos na ordenanza, con exclusión das cuotas de comedor.**

**Esta bonificación aplicarase con independencia de que o primeiro fillo ou filla estea ou non matriculado na escola infantil e sempre que este non supere os 18 anos de idade.**

San Cibrao das Viñas, á data da sinatura electrónica.

O alcalde,

Manuel Pedro Fernández Moreiras

